



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E UN DE NOVEMBRO DE 2018, CON CARÁCTER ORDINARIO**

**SRES. ASISTENTES:**

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as	D. MANUEL COSTA CARNEIRO D <sup>a</sup> . MARGARITA DEVESA CARDELLE D. ROGELIO LEMA MOUGÁN D <sup>a</sup> . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ D. RAMÓN MANUEL LAGO LESTÓN D <sup>a</sup> : BEATRIZ AMENAL JUNQUERA D. EUGENIO BARREIRO GÓMEZ D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ D. ROBERTO CASTRO ROCAMONDE D <sup>a</sup> . MARÍA DEL PILAR PEREIRO REY
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día vinte e un de novembro de dous mil dezaoto, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, réunese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

**ORDE DO DÍA**

**1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (24/10/2018)**

Dáse conta da acta do pleno celebrado o 24/10/2018, na que se debe efectuar a seguinte corrección: onde di “...final da tempada retiráranse algo máis de 300...”; debe dicir “...” final da tempada retiráranse algo máis de 400...”

Apróbase por unanimidade.

**2º.- Acordo, se procede, sobre proposta de adxudicación de contrato de servizos enerxéticos e mantemento con garantía total das instalacións de iluminación pública exterior, mediante un contrato mixto de subministración e servizos.**

Dáse conta do informe da comisión especial de economía e contas celebrada o 14/11/2018 no que di:

O Pleno do concello en sesión ordinaria celebrada o día vinte e oito de febreiro do ano que andamos, aprobou o prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas para a contratación de servizos enerxéticos e mantemento con garantía total das instalacións de iluminación pública exterior mediante un contrato mixto de subministración e servizos do Concello de Vedra, suxeito a regulación harmonizada

Publicouse anuncio de licitación no DOU, BOP ,BOE e Perfil do Contratante, presentándose en prazo catro propostas das empresas: UTE IMESAPI, S.A – ELECTRICIDAD CRUCEIRO, S.L; CLECE, S.A; FERROVIAL OBRAS Y



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



SERVICIOS, S.L e UTE GRUPO MARIÑO OBRAS Y SERVICIOS, S.L – ALUMBRADOS VIARIOS, S.A (ALUVISA).

Visto o acordo da Mesa de Contratación do día 8 de outubro , polo que de acordo co informe emitido polo Comité de Expertos, excluíronse aos licitadores UTE ELECTRICIDAD CRUCEIRO, S.L –IMESAPI, S.A e CLECE, S.A por incumprir os requisitos mínimos esixidos nos pregos que rexen a citada contratación, comunicándollo aos mesmos.

Á vista do informe de valoración da documentación contida nos sobres B (Referencias técnicas dos criterios non avaliábles mediante cifras ou porcentaxes) e nos sobres C (criterios cuantificables mediante a mera aplicación de fórmulas) os licitadores admitidos e non excluídos, obtiveron a seguinte puntuación:

Valoración SOBRE B	FERROVIAL SERVICIOS S.A.	UTE GRUPO MARIÑO OBRAS Y SERVICIOS, S.L-ALUMBRADOS VIARIOS, S.A (ALUVISA)
Informe técnico do Estado das instalación 7,5 puntos)	<b>6,83</b>	<b>2,00</b>
Memoria Técnica explicativa do proxecto (10 puntos)	<b>10,00</b>	<b>4,77</b>
Relación e programación do investimentos na P4 (15 puntos)	<b>14,83</b>	<b>8,17</b>
Melloras adicionais ao servizo (7,5 puntos)	<b>6,03</b>	<b>0,00</b>
*Subministración 100 puntos adicionais (1,5 puntos)	<b>1,50</b>	<b>0,00</b>
*Sinalización /iluminación seguridade viaria (2 puntos)	<b>1,00</b>	<b>0,00</b>
*Iluminación espazos oco/deporte (2 puntos)	<b>1,67</b>	<b>0,00</b>
*Iluminación elementos patrimoniais (2 puntos)	<b>1,87</b>	<b>0,00</b>
<b>TOTAL SOBRE B (40 PUNTOS)</b>	<b>37,70</b>	<b>14,93</b>

Valoración SOBRE C	Máximo	FERROVIAL OBRAS Y SERVICIOS, S.L	UTE GRUPO MARIÑO-ALUVISA
<b>OFERTA ECONÓMICA</b>	<b>50</b>	<b>43,17</b>	<b>50,00</b>
Oferta económica do licitador	235.928,63	215.898,53	194.638,79
Porcentaxe baixa licitador	13%	8,49%	17,50%



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Mellor oferta	17,50%	17,50%	17,50%
Puntuación Obtida		43,17	50,00
<b>PORCENTAXE DE AFORRO</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>
Porcentaxe de aforro garantido polo licitador	75%	75%	75%
Puntuación obtida		10	10
<b>TOTAL</b>	<b>60,00</b>	<b>53,17</b>	<b>60,00</b>
Valoración	Máximo	FERROVIAL OBRAS Y SERVICIOS, S.L	UTE GRUPO MARIÑO-ALUVISA
<b>SOBRE B</b>	<b>40,00</b>	<b>37,70</b>	<b>14,93</b>
<b>SOBRE C</b>	<b>60,00</b>	<b>53,17</b>	<b>60,00</b>
<b>TOTAL</b>	<b>100,00</b>	<b>90,87</b>	<b>74,94</b>

A Mesa de Contratación na sesión do día 29 de outubro propuxo a adxudicación do contrato a favor da empresa FERROVIAL OBRAS Y SERVICIOS, S.L por ser a oferta mellor valorada : 90,87 puntos.

Dado que en función do establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP ), pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello, 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, o Pleno é o órgano de contratación competente.

Proponse:

PRIMEIRO.- Clasificar, de conformidade co disposto no artigo 150 da LCSP as ofertas presentadas e admitidas e non excluídas no presente expediente de contratación, mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación, suxeito a regulación harmonizada, do seguinte xeito:

1º.- FERROVIAL OBRAS Y SERVICIOS, S.L: 90,87 puntos

2º.- UTE GRUPO MARIÑO OBRAS Y SERVICIOS, S.L –ALUMBRADOS VIARIOS, S.A (ALUVISA): 74,94 puntos

SEGUNDO.- Requirir á mercantil FERROVIAL OBRAS Y SERVICIOS, S.L para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte ao que reciba o requirimento, presente a documentación establecida na cláusula 22 do PCAP: atoparse



ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e cos Seguridade Social; constituír a garantía definitiva por importe do 5% do prezo de adxudicación, IVE excluído e copia da póliza de seguro de responsabilidade civil conforme aos requisitos establecidos na cláusula 24 do PCAP.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixirle o importe do 3% do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, que se fará efectivo en primeiro lugar contra da garantía provisional, se se houberse constituído, sen prexuízo do establecido na letra a) do apartado 2 do artigo 71 da LCSP. Procederase ademais neste caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, por orde no que houberen quedado clasificadas as ofertas.

TERCEIRO.- En función do disposto no artigo 35.2.b da Lei 7/1985, Reguladora das bases do réxime local, delegar na Xunta de Goberno a adxudicación do presente contrato.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE anuncia o voto en contra do seu grupo como xa dixo no seu momento. Di que o alcalde cre que así se lle van acabar os problemas co tema da iluminación pública e xa se verá o que pasa cando haxa problemas a ver a quen lle van protestar os veciños, se á empresa ou ao alcalde; que se cadra nese momento xa non é alcalde porque o contrato ten unha duración de doce anos.

Di que non entenden os motivos nin lles convencen este tipo de contratos polo que votarán en contra.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, di que a decisión do grupo de goberno de privatizar a iluminación pública mediante unha hipoteca a doce anos é a súa decisión política. Hai meses, cando a aprobaron cos votos a favor do grupo de goberno, xa expuxo a contrariedade a esa decisión porque é prexudicial para o concello xa que o somete a unha hipoteca durante 3 lexislaturas. É unha duración do contrato que excede co nmoito a duración respecto aos que se fan noutros concellos e vai en beneficio da adxudicataria. Pon como exemplo o concello de Cangas, no que o contrato ten unha duración dun terzo do de Vedra.

Segundo o informe técnico, a amortización dos investimentos estaría por debaixo da metade do prazo da adxudicación, co cal a empresa ten unha suma ganancia.

Anuncia o seu voto en contra e expón os seus motivos:

1º.- Na comisión informativa do mes de febreiro presentou por escrito unhas preguntas relativas ás luminarias, porque no prego de condicións técnicas, falábase de que as luminarias tiñan que ser dun deseño específico para tecnoloxía LED, e tamén o provedor tiña que acreditar a implantación de 25.000 unidades instaladas no ámbito da CE para organismos públicos e tampouco se prevía unha alternativa á tecnoloxía LED nos pregos.

2º.- Denunciou que nos pregos a valoración é totalmente subxectiva en canto a que un 40 % da puntuación son conceptos subxectivos. A oferta económica, que é unha cuantificación obxectiva, cuantificaba so o 50 %, e calquera baixa de máis do 10 % da media, xa se consideraba unha baixa temeraria, co cal a competitividade ou a competencia na oferta económica ía ser nula. Isto levouno a adiantar que este contrato



estaba feito, amañado e os pregos adaptados a unha provedora concreta de luminarias e a unha licitadora concreta que finalmente foi á que se lle adxudicou, e de feito no pleno de febreiro xa manifestara que estaba en condicións de indicar cal era a adxudicataria e a provedora de luminarias.

O 16 de abril o Concello de Vedra recibiu un escrito da Asociación Estatal de Empresas de Mantenimiento Integral y Servicios Energéticos no que denuncia que o procedemento está viciado porque as cláusulas están feitas a dedo para un provedor concreto de luminarias. O escrito di o seguinte: “... a Asociación Estatal de Empresas de Mantenimiento Integral y Servicios Energéticos traslada diversas incidencias que hemos advertido una vez que se ha procedido a analizar la convocatoria de licitación pública de referencia; así como su pliego de cláusulas administrativas particulares y de prescripciones técnicas. Consideramos desde esta patronal que no se establecen ni se determinan de forma clara cuales deben ser las mejoras que los licitadores deben presentar...” É dicir, vai directamente a ese 40% de puntuación sobre valoracións totalmente subxectivas e di que hai unha falta de obxectividade na valoración das melloras.

Tamén di: “... dado que los apartados referidos y denunciados del pliego de cláusulas particulares no se determina con claridad y certeza cuales deben ser las mejoras de los licitadores, que los licitadores deben presentar, en orden a que las mismas sean evaluadas; se hace preciso que por el órgano de contratación se proceda a la corrección y rectificación de los pliegos. También se observa que en el pliego de condiciones técnicas se disponen los requisitos mínimos que habrán de cumplir las luminarias...”

Tamén di que ...”conforme a lo anterior, se exigiría que el fabricante pueda acreditar 25.000 unidades instaladas en ámbito de la CE para organismos públicos, cuando según lo reflejado en la página 32 del Pliego de Prescripciones Técnicas, el municipio tiene 3.205 unidades. Nos encontraríamos por lo tanto ante una exigencia en orden a acreditar la solvencia técnica, excesiva y desproporcionada...”. Isto manifesta que era unha cláusula preparada a dedo para ese provedor, porque 25.000 luminarias só as podía acreditar unha empresa que se chama SETGA, que precisamente é a que vai prover á adxudicataria porque tiña instalado certas cantidades en Holanda.

Resulta curioso que todas as licitadoras tiñan dúbidas excepto a adxudicataria. Todos os provedores tiñan dúbidas. O representante comercial de Philips enviou varios correos ao concello para que lle aclarasen certas cuestións. Había varias empresas que non tiñan forma de prover as luminarias.

A Asociación Estatal de Empresas de Mantenimiento Integral y Servicios Energéticos tamén denuncia que todo isto restrinxe a concorrência, e nese escrito di: “...dicha exigencia (25.000 luminarias) ni respeta el principio de proporcionalidad ni favorece la libre concurrencia en tanto que la restringe, vulnerando el principio de igualdad de acceso a la adjudicación del contrato. Por todo ello, entendemos también necesario que se proceda a la urgente modificación de la disposición anulada en el apartado 4...”

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, entende que os pregos estaban feitos a dedo para unha licitadora en concreto e solicita que se estimen estas alegacións e se rectifiquen os pregos.



O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA anuncia que votará en contra, ao mesmo tempo que lle recorda que se lle fixo unha consulta á USC e esta dixo que era unha barbaridade, innecesario e desproporcionado.

Tamén sinala que a aprobación que se vai levar a cabo hoxe no pleno é unha vergoña porque foi feita coa única intención de chegar ás eleccións municipais coas luminarias cambiadas. O procedemento foi pensado para adxudicarllo a Ferrovial. Non era necesario porque expulsa ás pequenas instaladoras e pequenos empresarios; porque condiciona o orzamento municipal durante doce anos; porque incrementará o seu valor dentro de dous anos; porque condiciona a tecnoloxía empregada durante doce anos e porque o feito de que poidan planificar a vida dun concello durante doce anos, fala da soberbia coa que actúan. O concello non lles pertence nin lle pertence ao PP e afirma que eticamente non deberían condicionar a vida deste concello durante doce anos.

A Presidencia contéstalle ao Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, que cando fala da duración do contrato non sabe en cantos concellos preguntou. Supón que o que condiciona a duración do contrato son datos técnicos e económicos e que non en todos os sitios son iguais. Ten a sensación e a certeza de que os hai a oito, dez ou doce anos e todo depende do sitio, dos aforros, etcétera. Indícalle ademais, que fai acusacións graves coas que non está de acordo nin teñen razón de ser, porque coñece perfectamente ese escrito.

Sinala que se houbo un procedemento que tivo transparencia, foi este. No perfil do contratante foron colgadas todas as cuestións relacionadas co mesmo. A medida que ían xurdindo as dúbidas, íanse facendo as aclaracións, precisamente para que ninguén puidese impugnar as bases no ámbito xudicial. Fóronse facendo aclaracións e presentáronse catro empresas con fabricantes diferentes, co cal entende que cando se fan aclaracións a todas as cuestións técnicas e ningún dos licitadores e fabricantes impugnan os pregos, é porque caben as súas ofertas dentro deses pregos.

No que se refire ás melloras, informa que houbo unha aclaración clara das mesmas e moi específica: as melloras son estas e as puntuacións son estas. Co cal se non estivesen correctas a Asociación Estatal de Empresas de Mantenimento Integral y Servicios Energéticos tería impugnado este tema nun xulgado do contencioso-administrativo.

Ao Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, respóndelle que condiciona o orzamento para doce anos, pero para mellor e para ben, porque pasarán de consumir 1.400.000 kW a 430.000 kW aproximadamente. Pasarán dunha iluminación vella, obsoleta a unha nova, eficiente, con tecnoloxía LED, aparte da contribución ao medio ambiente coa redución da emisión de CO<sub>2</sub> á atmosfera. Ademais hai uns 600 farois apagados que se acenderán agora.

Cando fala de que condiciona a tecnoloxía, pregúntalle se pretende cambiar cada 4 anos todas as luminarias.

No tema económico, di que a iluminación pública é pagarlle a corrente a Fenosa máis o mantemento a unha empresa. Isto realizarano dúas empresas externas ao concello, non entende onde esta a privatización.

Di que o gasto actual entre mantemento e consumo son aproximadamente 205.000 € ao ano, e esa cifra tampouco é de todo real porque se van acender 600 farois que agora



están apagados, se estivesen acendidos pasaríase a 230.000 ou 235.000 €. Evidentemente, se o prezo da corrente sobe pagarán máis, como agora ou como en calquera fogar do concello.

Por outro lado, ofrece unha garantía total. O concello non terá que pedir un préstamo para facer a obra, polo que non arrisca nada. Cando haxa un problema está establecido que haxa unha garantía total. A ESE (empresa de servizos enerxéticos) ten que garantir o perfecto funcionamento deses farois, independentemente de quen sexa o problema (fabricante, subministrador, etcétera)

Tamén di que o IDAE acaba de aprobar para isto unha subvención de 796.000 €. É unha subvención directa e no ano 2020 o que vai pagar o concello anualmente serán aproximadamente 140.000 € en base a esa subvención.

En definitiva, van pagar moito menos de corrente, cunha iluminación nova e arriscando cero euros.

Hai concellos en Galicia, de todas as cores políticas, e Vedra reuniuse co de Carballo, que os aconsellou e lle recomendou que era o mellor que podían facer.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, di que se cadra os concellos que consultou o Alcalde, foron aqueles gobernados polo PP en Madrid que adxudicaban este tipo de contratos a 20 anos.

No pleno advertiuse que se estaban a producir modificacións substanciais dos pregos. Esa Asociación Estatal de Empresas de Mantenimento Integral y Servicios Energéticos denuncia a existencia de vicios nos pregos; falta de obxectividade no 40% da valoración e a limitación da concorrència por unhas condicións técnicas restritivas nas luminarias. Esixencias desproporcionadas e que foron matizadas vía aclaracións en certas cuestións dos prego, de xeito que puideron encaixar minimamente as outras empresas. Sinala tamén que aínda está a tempo de que acabe no contencioso-administrativo.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, recórdalle que cando se consultou á USC dixeron que non coñecían outro caso a 12 anos. Pregunta se quere dicir que van ter unha subvención durante doce anos. Así mesmo, sorpréndelle que pensen que lle están metendo un gol a Ferrovial e se cren que Ferrovial se vai meter nun concurso onde vai perder cartos.

A Presidencia contéstalle ao Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, que debe aclararse, porque primeiro di que se fan os pregos dun xeito vantaxoso para unha empresa e despois di que se modifican.

Respóndelle ao Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, que é unha subvención por un importe de 796.4312,68 €. O que é a doce anos é o aforro diso, que é o que lle chaman prestación P4 en relación ás inversións. Unha vez que se abone esta subvención xa non se van pagar 215.000 € ao ano. A 12 anos vanse pagar aproximadamente 140.000 €.

Tamén lle di que fala desa empresa, e que el saiba é a mesma que gañou concursos en Santiago de Compostela, concello gobernado polas Mareas.

Posta a votación, apróbase cons sete votos a favor do PP e seis votos en contra do PSdeG-PSOE, BNG-AA e o concelleiro non adscrito, Sr. Castro Rocamonde.



### **3º.- Aprobación, se procede, das bases que rexen o proceso de admisión ao Centro Coworking de Vedra.**

Dáse conta do informe da Comisión informativa de economía e especial de contas sobre o regulamento que ten por obxecto establecer os criterios de admisión como usuarios dos servizos de apoio ao emprendemento que se desenvolvan no Centro Coworking de Vedra.

A Presidencia di que en decembro terán un regulamento para as cuestións que saíron na comisión informativa para concretar aspectos máis xenéricos.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, manifesta que cre que lles están faltando ao respecto porque traen a Pleno unhas bases nas que falta a taxa que queren impoñer ao respecto. Pensa que eran locais que o concello ía ceder ás empresas para favorecer o emprendemento.

Pregúntalle ao Sr. Secretario se traer unhas bases a Pleno para facer unha ordenanza sobre un tema no que non están concretas ten algún tipo de encaixe administrativo.

O Sr. Secretario responde que o tema do cobro ten que ir por ordenanza fiscal; que hai que aprobar ou modificar unha ordenanza fiscal, e con independencia de que sexa máis ou menos a cantidade, é obrigatorio cobrar.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, replica que entón o correcto sería modificar a ordenanza fiscal e confeccionar as bases completas.

O Sr. Secretario contesta que o que lles mandan dende a Xunta de Galicia é que figure que se vai aprobar unha taxa e hai que enviálo canto antes.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que ante a falta de definición neste tema o seu grupo vaise abster e parécelle unha falta de respecto ao resto dos membros da corporación.

O Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, pregunta se é a forma habitual de traballar nun concello o feito de levar borradores a Pleno para aprobar e que administración solicitou que se enviara este borrador canto antes.

O Sr. Secretario resposta que a Xunta de Galicia pide que se envíe unha proposta de regulamento de bases. Repite que, como xa se falou na correspondente comisión, o que se trata é de enviar o que se pide para despois non dar voltas. Ás veces, cando a Xunta de Galicia solicita certas cousas non teñen en conta os procedementos da administración local.

Por outro lado non poden poñer unha cantidade ao chou. Hai que facelo en base a un estudo económico.

Nestes momentos envían o que poden, e é o menos malo posible. Todo o que se envía non é ningún borrador, senón unha proposta de ordenanza que se vai aprobar e é o máximo que se podía enviar dentro da legalidade e da lóxica. O seguinte paso será aprobar a ordenanza fiscal e colocar a cantidade no regulamento.





O Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, di que non entende a urxencia e cre que hai unha descoordinación terrible entre a Xunta de Galicia e o concello de Vedra. Van aprobar hoxe un borrador, despois terán que aprobar a ordenanza e posteriormente terán que aprobar outro borrador coa ordenanza.

Solicita que se fagan as cousas polas canles correctas. Que se traia o documento, que se poidan presentar emendas e despois que se aprobe o que sexa preciso. Cre que están tomando o pelo á oposición.

O Sr. Secretario di que o funcionamento dos concellos é distinto ás administracións autonómicas ou do Estado. Mesmo antes indicaban o órgano do concello que tiña que aprobar determinadas cuestións, e iso non é competencia deles porque pode ser o Pleno ou a Xunta de Goberno ou o propio Alcalde, porque nalgúns concellos non hai Xunta de Goberno.

En calquera caso, isto é unha proposta concreta e mentres non se aprobe pode ser un borrador que se pode emendar e cambiar. Pódese dicir que é un borrador, pero non no sentido de que non está acabado, senón no sentido de que se converte en regulamento unha vez que se aproba e se publica. No demais non é un borrador, é unha proposta.

A urxencia ou non urxencia da aprobación está nos prazos das subvencións. Se non se manda a documentación en prazo é un problema que non é emendable. Se chega un día despois rexéitana, por iso obrigan a andar correndo e con présa porque hai uns prazos concretos.

O Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, pregunta se esta proposta vai quedar no expediente igual có borrador que presentaron cando foi a adxudicación do contrato dos traballos relacionados co arquivo municipal.

O Sr. Secretario responde que a documentación que vai a unha comisión informativa ás veces é diferente á que vai ao pleno, porque xa vai modificada. Iso non quita que na carpeta do expediente que queda da comisión, con independencia da proposta que saia informada favorablemente, durante un tempo figure arquivada a documentación orixinal. Por outro lado, no pleno quedaría a que foi proposta ao pleno e se aproba no mesmo.

O Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, di que o seu grupo se vai abster.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, solicita a retirada da documentación que se vai someter a votación.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, solicita tamén a retirada da documentación e que as modificacións que se faloron na comisión informativa se traian no seguinte pleno en condicións. Pregunta que garantías teñen de que as modificacións que se faloron na comisión se vaian levar a cabo.

A Presidencia contesta que esta cuestión é un tema vinculado a unha subvención e a uns prazos. A garantía é que completarán no pleno de decembro o regulamento conforme ao que dixeron na comisión informativa. Comprométese a incluír nese regulamento todo aquilo que acorden por unanimidade, quedando pendente o tema económico.



O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, solicita que convoquen unha comisión con tempo para analizar todos eses temas, non dous días antes do seguinte pleno.

Posta a votación, apróbase con sete votos a favor do PP, catro abstencións do PSdeG-PSOE e dous votos en contra do BNG-AA e o concelleiro non adscrito, o Sr. Castro Rocamonde.

**4º.- Acordo, se procede, sobre elección de Xuíz de Paz Substituto do Concello de Vedra.**

Dáse conta da comunicación da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia a fin de que se inicie novo expediente para elixir Xuíz de Paz Substituto deste concello.

Dáse conta así mesmo dos trámites iniciados, conforme ao establecido nos artigos 101 e 102 da Lei Orgánica do poder Xudicial e nos artigos 4 e 5.1 do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos Xuíces de Paz, publicándose anuncio de convocatoria no BOP núm. 191/18, do 5 de outubro, presentándose en prazo as solicitudes que constan no expediente,

Á vista das mesmas, pola Presidencia proponse a don Eloy J. Iglesias López, como Xuíz de Paz Substituto, en función da experiencia e coñecemento da realidade social do municipio e a dona Diana Varela Barreiro en función da vantaxe da súa residencia no concello.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, pregunta cantas xuízas de paz substitutas ten habido na historia de Vedra, e cre que teñen unha ocasión de emendar ese desequilibrio.

O Sr. Secretario responde que pensa que ningunha, e que exercese fixo que ningunha.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, di que se vai abster.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que o seu grupo votará a favor.

Posta a votación, apróbase con once votos a favor do PP e do PSdeG-PSOE e dúas abstencións do BNG-AA e o concelleiro non adscrito, o Sr. Castro Rocamonde.

**5º.- Aprobación, se procede, de declaración institucional 25N do Concello de Vedra con motivo do día internacional contra da violencia de xénero.**

Dáse conta da proposta de declaración institucional 25N do Concello de Vedra con motivo do día internacional contra da violencia de xénero:

“Hoxe, 25 de novembro, conmemoramos o Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres.

A violencia de xénero constitúe a maior vulneración de dereitos e liberdades básicas, está en contra dos principios de igualdade, seguridade, liberdade, integridade e dignidade que son inherentes a todos os seres humanos; ten consecuencias demoledoras para a sociedade e está tan arraigada a ela que xa é un feito estrutural polo que a súa eliminación ha de ser unha tarefa que compete a toda a sociedade e que esixe que todos os poderes políticos, forzas sociais e individuos, traballen unidos para alcanzar a súa total erradicación.

Son centos de miles as mulleres que sofren violencia só polo feito de que hai homes que se consideran superiores e tentan demostrar a súa supremacía utilizando a violencia física, psicolóxica, sexual e de control.

Máis de 900 mulleres foron vítimas da violencia machista en España dende 2003. No que levamos de ano, xa son 51 as mulleres as que faleceron tras ser asasinadas polas



súas parellas ou ex parellas, 7 os menores asasinados pola violencia de xénero( 5 nenas e 2 nenos) e 22 nenos e nenas quedaron orfos por mor da violencia de xénero.

Hoxe, e todos os días do ano, manifestamos a nosa condena absoluta ante todas as formas de violencia contra a muller, que xa son delito: a violencia física, psicolóxica, sexual, a mutilación xenital feminina, o matrimonio forzado e o acoso. O maltratador non ten cabida na nosa sociedade, e trasladamos o noso apoio incondicional ás vítimas, xa sexan mulleres ou os seus fillos e fillas.

A violencia de xénero é unha responsabilidade de todos: institucións, partidos políticos, asociacións, en definitiva unha cuestión de estado que nos afecta a todas as persoas.

Por todas estas razóns e en aras de fortalecer a unidade fronte á violencia machista, os grupos municipais que integran o Pleno do Concello de Vedra acordan o seguinte:

1. Manifestamos que queremos erradicar a violencia machista da nosa sociedade canto antes, e seguir avanzando en adoptar criterios máis amplos na loita contra calquera forma de violencia que sofren as mulleres por ser mulleres, seguindo as recomendacións da CEDAW e o Convenio de Istambul.
2. Reivindicamos a necesidade de dotar ás Entidades Locais das competencias nesta materia así como de suficientes medios e recursos para, en colaboración co Goberno e as CCAA, asegurar a asistencia adecuada, suficiente e necesaria para garantir a recuperación de todas as vítimas de violencia de xénero en noso Concello.
3. Recoñecemos a importancia de traballar na erradicación das actitudes e os comportamentos cotiáns que, instalados na vida diaria, reproducen e perpetúan a desigualdade, orixe da violencia de xénero.
4. Debemos seguir promovendo e apoiado medidas para a prevención e a detección, así como a sensibilización de toda a poboación dende marcos de actuación integrais
5. Reafirmamos o noso compromiso cos dereitos fundamentais da infancia e resaltamos a nosa preocupación polo índice en aumento de menores asasinados a mans dos seus pais como instrumento de control e de poder sobre as mulleres.
6. Reiteramos tolerancia cero contra calquera acción violenta contra as mulleres independentemente da súa intensidade. En desigualdade e violencia de xénero non hai graos.
7. Facer un chamamento a toda a sociedade para que denunciem situacións de violencia de xénero, porque non podemos ser cómplices dos maltratadores co noso silencio.
8. Facer unha advertencia aos maltratadores para que non acosen, humillen, controlen, reteñan os recursos económicos, maltraten torturen, violen, asinen, e demais violencias, a ningunha das mulleres ou nenas que conformamos este país.
9. Lembramos a todas as mulleres e menores que foron asasinadas pola violencia machista e expresar as nosas condolencias ás súas familias.”

O Sr. Lema Mougán, do PP, di que, como xa se falou na comisión, solicitouse dos servizos técnicos de igualdade do concello unha proposta de declaración institucional para este 25N, e ese é o texto resultante.

Agradece aos grupos políticos da oposición que este ano apoiasen a proposta porque cre que na loita contra esta lacra non pode haber confrontación política.

Na comisión informativa falouse de levar un pouco máis aló esta declaración institucional e parécelle unha boa idea. Estará colgada na páxina web do concello como mostra de que o Concello fai visible esta problemática. Así mesmo, levarase aos colexios para que os alumnos e alumnas traballen sobre este tema.



Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, mantén a súa postura da comisión. Tamén apunta que o Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA pedía que se lle dese lectura nos centros educativos. O domingo hai unha andaina proposta pola Asociación Berenguela pola igualdade e propón que se faga unha lectura da mesma.

Cre, que aínda que amodo, a mensaxe vai calando na sociedade un rexeitamento a este tipo de comportamentos. O seu grupo vai votar a favor e seguirán traballando cada un no seu ámbito.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, di que nin se felicita nin se alegra do texto; senón que estas manifestacións prodúcenlle unha fonda tristura porque evidencia que unha parte desgraciada da realidade que viven as mulleres.

Por outro lado, cáusalle tristura porque as demandas e obxectivos incluídos neste texto, eran demandas xa superadas nos principios e nos manifestos da II República, hai xa 80 anos.

Quere engadir tamén outro tipo de agresións e violencia cara as mulleres como a desigualdade que xeran e que se etiquetan con connotacións de sexo derivadas do ensino nas escolas que segregan por sexo; a violencia que se exerce por imposición de uniformes escolares distintos por sexo, que sempre son gravosos para as nenas; a falta de acordo na defensa por parte das organizacións políticas dos dereitos reprodutivos das mulleres e a falta de recoñecemento deses dereitos; a falta da vontade de despatriarcar o sistema xudicial; un incremento nos labores de discriminación salarial da muller.

Tamén a segregación por sexo que se establece nas actividades deportivas xa dende idade infantil. Cre que o concello como parte implicada nas escolas deportivas tiña que facer algo ao respecto e instar, se é o caso, ás federacións deportivas, que son as principais, e se cadra, únicas culpables. De aí deriva a discriminación no tratamento informativo das mulleres no deporte.

Por desgracia este tipo de manifestacións e declaracións son necesarias.

Posta a votación, apróbase por unanimidade dos asistentes.

#### **6º.- Acordo, se procede, sobre adhesión ao pedimento de Lei de Regulación da educación social.**

Dáse conta da moción presentada polos grupos municipais de Vedra.

“A profesión de educador/a social que adquire rango universitario en 19914, coa publicación do Real Decreto 1420/1991, (Título Oficial de Diplomatura en Educación Social) que xorde despois dunha ampla mobilización social reivindicativa do papel relevante deste perfil profesional en desenvolvemento das políticas sociais e educativas.

En Galicia e España esa figura é froito da combinación de tres históricas ocupacións. As educadoras e educadores especializadas/os, as animadoras e animadores socioculturais e as educadoras e educadores de persoas adultas, todas elas diferentes pero converxentes, na medida en que a súa actividade profesional se nove nos campos da inadaptación, de alfabetización, de exclusión, da marxinação social, da integración, da capacitación profesional, do desenvolvemento comunitario, etcétera.

Como profesión de carácter pedagóxico desenvolveuse un amplo discurso, froito da rica experiencia das/os profesionais e a súa confluencia co mundo académico universitario, ao que debemos engadir o desenvolvemento das estruturas de participación e regulación da profesión, con colexios profesionais de Educación Social en todas as Comunidades Autónomas, así como a creación do Consejo General de Colegios Oficiales de Educadoras y Educadores Sociales.



O seu papel no ámbito da xuventude, da cultura, da educación, e dos servizos sociais, é clave para completar o abanico de disciplinas que dende distintas perspectivas permiten unha intervención social integral, sobre todo en sectores clave como é o das/os menores e as familias.

Pese a innegable contribución ao benestar social e ao recoñecemento da profesión como tal cuns estudos universitarios que a avalaban e un colexio social que a representa, a falta de regularización da educación social fai que non estean claros os límites e o alcance da mesma, tanto nas entidades públicas, nas entidades privadas como no terceiro sector, o que pon de manifesto a necesidade dunha regulación da profesión como instrumento que a faga visible, dignifique e reivindique o seu papel como axente de cambio na nosa sociedade,

Polo que se propón:

1º.- Instar á Xunta de Galicia á Regularización da Educación Social en Galicia a través dunha Lei Galega do dereito á educación social.

2º.- Instar á Presidencia do Goberno de España a desenvolver unha Lei de Regularización do dereito á educación social a nivel estatal.”

A Presidencia di que lles parece unha petición xusta e razoable e por iso a van apoiar de xeito incondicional.

Dona Beatriz Amenal do PSdeG-PSOE, di que sen entender moi ben se o que se pretende é implantala nos colexios, di que o seu o grupo vai apoiar a proposta.

Posta a votación, apróbase por unanimidade dos asistentes.

#### **7º.- Dar conta do PMP.**

Dáse conta da urxencia para incluír este punto na orde do día.

Apróbase con doce votos a favor do PP, PSdeG-PSOE, BNG-AA e unha abstención do Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito.

Remisión información Ministerio de Facenda

Execución trimestral:

1º Trimestre: cumprida a obriga 03/05/2018

2º Trimestre: cumprida a obriga 31/07/2018

3º Trimestre: cumprida a obriga 31/10/2018

Período medio de pago e morosidade

1º Trimestre: cumprida a obriga 30/04/2018: - 4 días.

2º Trimestre: cumprida a obriga 31/07/2018: 16,34 días.

3º Trimestre: cumprida a obriga 31/10/2018: 12,16 días.

Liquidación 2017: cumprida a obriga 19/03/2018.

Esfuerzo fiscal: cumprida a obriga 27/06/2018.

Liñas fundamentais do orzamento 2019: cumprida a obriga 14/09/2018.

Custe efectivo dos servizos: cumprida a obriga 31/10/2018.

Remisión información Consello de Contas.



Acordos contrarios a reparos: cumprida a obriga 07/09/2018.

Conta Xeral 2017: cumprida a obriga 07/09/2018.

### **7º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.**

--Á pregunta presentada por escrito polo Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, sobre a cantidade de depuradoras e microdepuradoras, situación das mesmas, funcionamento actual, mantemento e data do último mantemento a Presidencia responde que este servizo está concedido a Viaqua. A Presidencia envioulles o escrito referenciado e contestáronlle que na EDAR de Ponte Ulla realízanse tarefas de mantemento de forma diaria. Na EDAR de Neira de Abaixo e San Xián realízase de xeito semanal.

En relación coa foxa séptica de Tomonde indica que se realizan os baleirados coa frecuencia necesaria, sendo as últimas os días 11 e 24 de outubro e o 7 de novembro. Esta desaparecerá dentro duns meses debido á ampliación da rede de Augas de Galicia que se vai realizar nesa zona.

--Ás preguntas pendentes de responder de plenos anteriores, a Presidencia di:

1º.- Á pregunta do Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, sobre o arranxo dunha cruz que rompeu ao lado da casa do cura en Vedra di que en principio a levou a asociación de veciños e o concello vai colaborar con eles para a súa reparación.

2º.- Á pregunta do Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, sobre o custe total e desagregado do campamento A-camparte, a Presidencia cédelle á palabra ao Sr. Vázquez Martínez, do PP, que di que a achega que fixo o concello foi de 1.000 € ao o obradoiro de graffiti que se realizou durante 3 días con material e IVE engadido.

3º.- Á pregunta do Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, respecto á senda peonil de San Mamede di que estaba dentro dun plan de redución da emisión do CO<sub>2</sub>, que é un proxecto da Xunta de Galicia, e dentro dese plan había un plan específico de mobilidade dentro das vías autonómicas ata o 2020, onde se encadran as actuacións dese tipo. Ese tipo de axudas non están pensadas para un concello concreto nin para unha zona concreta. Establecen unha serie de criterios, que no concello cumprían 3 zonas que podían encaixar, todas en estradas da Xunta de Galicia, e unha delas era esa de Rozadela. Os outros que se solicitaron eran na zona de San Miguel e de Trobe.

En San Mamede houbo oposición dos veciños e espera que ata o 2020 poidan saír adiante algunha das outras dúas opcións.

4º.- Á pregunta do Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, sobre a xustificación dos pagos que realizan dende o colectivo de empresarios propietarios do polígono industrial nos últimos 8/10 anos, e como se vai facendo ese pago periódico dos consumos; di que nestes días concretará a información e entregaralles a copia do convenio.

--Ás preguntas formuladas por dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre o tema da fibra óptica, di que é unha opinión.

2º.- Respecto co traballo que se fixo respecto ao PAES e os cartos que lle custou ao concello, responde que para optar a esas subvencións europeas primeiro hai que terminar de deseñar o proxecto, que foi o que se falou nas reunións. Di que xa se fixo unha parte, a da auditoría, e hai que rematalo. Estivo un tempo parado, e reconece a responsabilidade do grupo de goberno, e agora está reactivado.

Proximamente convocará unha reunión e mentres non se remate o proxecto non se pode acceder a esas liñas de subvención.

3º.- Sobre cada canto tempo se imprimen os trípticos dos locais hostaleiros. Solicita que se revisen cada ano, a Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Costra Carneiro, do PP, que



di que supón que se refire ás guías que se fan e que inclúen aos locais hostaleiros. Di que non hai un tempo determinado, que se fai en función de determinados criterios como son: a creación dunha nova campaña, cando se deseña ou se pon en marcha un novo produto turístico, cando se esgotan os existentes e tamén outras variables como que haxa convocatorias que posibiliten os seu financiamento , a dispoñibilidade por parte doutras administracións ou mesmo a dispoñibilidade orzamentaria.

Remata dicindo que intentarán facelo cada ano, sempre e cando se poida.

4º.- Respecto a cando teñen pensado botarlle grixo ao camiño de Torrente di que é un tema que xa se falou todo o referente a ese camiño e quedará resolto este ano.

5º.- Sobre a factura aprobada en Xunta de Goberno por uns pneumáticos para o camión do lixo di que é unha empresa que vende pneumáticos e a prezos competitivos, non ten outra explicación.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que é unha factura que se lle pagou a unha construtora por uns pneumáticos para o camión do lixo.

Intervén dona M<sup>a</sup> Jesús Piñeiro, do PP, para aclarar que a factura é a nome de Neumáticos Boqueixón, e a empresa de construción é Construcciones Boqueixón.

6º.- Respecto á nova web municipal cun novo formato, di que xa está contestada.

7º.- Sobre a obra de reforma da planta de arriba da escola de San Xián di que foi a consellería correspondente a que foi adiando as subvencións e agora xa está a obra adxudicada completa, repartida en 2 anos, 50.000 € en 2018 e 50.000 € no 2019. As obras comezarán nestes días.

8º.- Respecto ao punto no que está o procedemento para a modificación do PXOM respecto da depuradora de Bazar, contesta que calcula que neste ano estea. Esperan os informes favorables da Xunta de Galicia favorables, e con iso pódese facer a aprobación provisional, e de xeito inmediato a definitiva por parte da Xunta de Galicia.

9º.- Sobre o importe de 2.000 € dunha factura de Doguería-Ferretería El Sol, responde que esa factura foi realizada no seu momento co obradoiro de emprego. A directora do mesmo solicitaba sempre ofertas e orzamentos e parece ser que a oferta desa empresa era a máis competitiva. Ese é o motivo.

En calquera caso, como é unha empresa familiar, aínda que non ten ningún interese xurídico nin económico coa mesma; sempre se abstivo en calquera acto que tivese que ver con esa empresa e o concello e na aprobación das facturas.

--Ás preguntas formuladas polo Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, contesta:

1º.- Respecto á felicitación ao Alcalde pola nova candidatura á Alcaldía de Vedra e que xa lle esqueceu o de presentarse a dúas lexislaturas só, volve repetir que publicamente sempre dixo que lle gustaría estar 2 lexislaturas mínimo e como máximo 3, e séguese mantendo.

2º.- Sobre a coincidencia nas datas de aprobación do pago da factura á Asociación de veciños de Vedra e a data do pleno, di que é unha opinión que non comparte.

3º.- Respecto ao o arranxo do campo da festa de Vedra, di que a contesta no seguinte pleno, porque non sabía a que facía referencia.

4º.- Sobre a publicidade ao PEL-PEMES 2018 da Deputación di que está facendo unha acusación infundada. Di que saíu na web , no servizo de novas e no boletín de marzo de 2018. É probable que isto tamén axudara a que houbera 7 empresas, porque polo que saíu na prensa, cre que son 2 concellos na área compostelá á que máis empresas lle deron este tipo de axudas.

5º.- Respecto ao vertedoiro e unha televisión tirada no monte de Castro en Roelle, cédelle a palabra ao Sr. Vázquez Martínez, do PP, que di que están xestionando o tema e espera que se solucione canto antes.



6º.- Sobre a formación para o uso dos desfibriladores, cédelle a palabra ao Sr. Vázquez Martínez, do PP, que di que están programados 2 cursos para finais de decembro e serán ofertados ao persoal que traballa no pavillón, Protección Civil, colexios, escolas deportivas, clubs de fútbol, atletismo, etcétera.

7º.- Respecto á partida de 8.000 € para a loita contra a velutina nos orzamentos municipais, responde que a nova técnica económica quere meter iso en Protección Civil. Así o fixo este ano e así irá no borrador dos orzamentos do ano que vén.

8º.- Sobre o cartel da Casa das Artes onde non figura “Chousa do Coutiño”, a Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Vázquez Martínez, do PP, que responde que é debido basicamente a que teñen que cumprir unha normativa e o seu tamaño está relacionado co contido que levan os sinais. Fíxose así para que non fosen tan aparatosos e para que todos tivesen o mesmo tamaño.

De todos os xeitos non habería problema ningún para colocar na entrada un sinal que poña Casa das Artes Chousa do Coutiño.

Pregunta o Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, onde está a partida para a loita contra a velutina nos orzamentos deste ano.

A Presidencia contesta que foi o que lle indicou a técnica económica.

--Ás preguntas formuladas polo Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, a Presidencia responde:

1º.- Respecto á situación do expediente de modificación puntual do PXOM que tería como obxecto a modificación de delimitación do solo de núcleo rural na aldea de Trasariz de Arriba, di que non sabe a que se refire. Si é certo que está iniciado un expediente de modificación como expediente piloto de modificación de núcleos, pero non está ese.

2º.- Sobre a situación da parcela de 6.000 m<sup>2</sup> para servizos comunitarios en Xián responde que están pendentes de asinar na notaría para facer o documento de devolución ao concello e inscribila no rexistro a nome do mesmo.

3º.- Respecto ás acusacións de producir danos a propiedades dun veciño, acusacións saídas do Concello di que nese momento preguntou a todos os traballadores, aos concelleiros do grupo de goberno, e ninguén ten nada que ver con esa acusación.

4º.- Sobre as obras do convenio asinado entre o concello de Vedra e Augas de Galicia di que xa levan meses adjudicadas á empresa Petrolán de Ourense. Hai 15 días estivo aquí o director de obras de Augas de Galicia e comunicou que van comezar nestes días as obras e teñen un prazo de execución de 6 meses.

5º.- Respecto ás ofertas chegaron á mesa de contratación para a contratación da asesoría xurídica do concello, di que á mesa de contratación foron tres, que foron as que se presentaron. Agora mesmo no custe do asesoramento xurídico están incluídos tamén todos os preitos.

6º.- Sobre os prazos nos que estima que pode estar rematada e a disposición para o seu uso as obras realizadas no vagón de tren instalado en Santa Cruz de Ribadulla, responde que calcula que sexa este ano. Respecto ao orzamento di que non lle preguntou a Fermín e en canto teña o dato facilitarallo.

7º.- Respecto á delegación na 1ª Tenente Alcalde para formalizar o contrato-convenio con Droguería-Ferretería El Sol di que xa está contestada.

8º.- Sobre facer cumprir a Lei de defensa contra os incendios no Mirador de Sales e no polígono industrial, di que é un rogo.

--Ás preguntas do Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, responde:

1º.- Sobre presentar mocións a oposición non serve para nada, xa que as ignoran e convértenas en lixo, di que é unha opinión e está en desacordo.





2º.- Respecto a se lle parece un procedemento normal o que se realizou para a contratación do Sr. Roibas e se non cre que ten un tufo a corrupción, responde que si é un procedemento normal e que non é corrupción.

### **8º.- Rogos e preguntas,**

--Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Sobre o tema do médico substituto no centro de saúde de Vedra dixo que estaría resolto o luns e onte só había 2 médicos, pregunta se esta situación vai ter continuidade. A Presidencia responde que esta semana, cando menos tres días haberá tres médicos.

2º.- Solicitou hai un mes un informe sobre o SAF por rexistro e aínda está esperando por el. Pregúntalle ao Sr. Secretario se hai algún prazo para contestar.

O Sr. Secretario di que en principio hai un mes de prazo.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, reitera a súa petición.

3º.- Pregunta cando teñen pensado sacar formalmente a praza de tesourería por oposición libre. Recórdalle que no seu día había certas limitacións por parte da lei, segundo dicían, porque un dos albans da brigada de obras xubilouse e non se cubriu esa praza. Por outro lado están facendo contratos temporais a persoas para sacar adiante certos traballos. Pregunta se teñen pensado cubri-la ou non.

4º.- Respecto ao tema dos incendios, hai un mes e medio estivo nunha asemblea de veciños en San Xián informando que para o mes seguinte habería outra xuntanza con todos os grupos políticos para falar do tema e continuar as xuntanzas polo resto das parroquias. Esa charla foi a semana pasada e o seu grupo non recibiu ningún tipo de invitación, e o resto dos grupos da oposición non asistiron porque non recibiron a invitación.

Hai un mes organizouse unha charla na biblioteca municipal na que estaban presentes tres axentes forestais informando sobre o tema. O outro día presentouse en San Xián cunha técnica do concello, facendo unha presentación, na que contradicía o que dixeran os axentes forestais e mentíndolles aos veciños.

Cre como mínimo debe dicirlles aos veciños o que di a lei, a que os obriga. Non informou aos veciños do que di a lei e a que teñen dereito. Simplemente dixo que non se ía meter no tema das casas en situación de fóra de ordenación e dixo que neses casos denunciara o veciño ou veciña da vivenda, cando a lei non di iso.

Advírtelle que como suceda algo a responsabilidade vai ser absolutamente do Alcalde, e a o resto da corporación non vai ter ningunha.

5º.- Roga que cando saia de viaxe institucional llo comunique aos grupos da oposición. Solicita que os grupos municipais sexa informados das viaxes institucionais, en que consisten e que duración teñen as mesmas.

--O Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Roga que o concello se adhira á campaña Ecoluciona da FEGAMP. Está composta por 10 vídeos para intentar concienciar á xente do uso das bolsas de plástico.

A Presidencia contesta que xa están adheridos.



O Sr. Lago Lestón, do PSdeG-PSOE, pregunta cantos vídeos colgaron. Era un aviso por se non lles chegara a información.

2º.- Pregunta cales son as taxas do lixo do concello porque cre que non están actualizadas as ordenanzas.

3º.- Hai uns días fíxose unha obra en Paizás dun asfaltado e a maquinaria que fixo as cunetas esnaquizou certas tubaxes e arquetas. Roga que a empresa adxudicataria arranxe eses danos. Tamén lle gustaría saber quen revisa esas obras.

4º.- Na mesma zona hai un anaco de pista de 100 m. que vai cara Ponte Veá sen asfaltar e roga que se asfalte.

5º.- Hai veciños de Trobe que solicitan poder usar a auga da fonte. Actualmente a entrada está tapada con grixo. Solicita que se limpe a entrada da fonte, a propia fonte e que se busque o manancial de auga.

6º.- Pregunta canto custou a instalación da iluminación provisional do campo de fútbol de Vedra. Os focos están mal orientados e pide que rematen a obra.

7º.- Pregunta a cantos veciños de San Mamede se lle preguntou sobre a senda peonil e carril-bici e cantos estaban en contra.

--O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, pregunta:

1º.- Respecto á contratación do asesor xurídico di que se solicitaron tres ofertas e cre que dúas foron descartadas por non presentar a documentación completa, polo que á fase de valoración só foi unha delas. Por outro lado a Presidencia xustifica o incremento do importe do contrato respecto ao que había cando gobernaba o anterior alcalde, en que agora inclúe os xuízos e preitos. Nesa inclusión están os preitos que se podían encargar á asesoría xurídica da Deputación sen custe algún para o concello.

2º.- No ano 2011 cando chegou á Alcaldía prometeu o desenvolvemento do polígono empresarial. Dixo que ía ser a lexislatura do desenvolvemento do meso e que era prioritario. No ano 2015 fixo a mesma promesa. Pregunta se no ano 2019 vai inaugurar o polígono industrial ou que lle vai ofrecer á veciñanza.

3º.- Respecto á creación dun Centro de Día, no ano 2011 era unha necesidade prioritaria para Vedra. Esa promesa retomouna nos mesmos no ano 2015. Dende o 2015 ata agora, respecto do Centro de Día a situación é a seguinte:

No ano 2018 cortouse a carballeira da parcela destinada ao centro contrariamente ao que determina o Plan Xeral e o Plan Parcial sobre o que se vai desenvolver o solo dotacional e servizos desa finca.

No 2018 o concello perdeu unha parcela que consideraba súa e acaba de dicir que a vai recuperar.

Pregunta que é o que lle vai custar ou cal é o rédito que vai obter o propietario. Pregunta se se lle vai validar ese expediente sancionador ou de reposición da legalidade que ten en marcha o concello.

4º.- No seu día prometeron financiamento para un campo F-7 en San Miguel. Publicaron na prensa que a Deputación da Coruña tiña a disposición para esa obra entre 600 e 700.000 €. Pregunta como está ese proxecto e que pensan facer con iso.

5º.- É reiterado que o grupo de goberno trae aos Plenos para someter a votación borradores ou documentos incompletos que ao fin e ao cabo non van sufrir modificacións substanciais, (SAF, RPT). Pregunta se ten pensado aplicar o rolo da maioría absoluta e directamente solicitar do pleno a delegación no Alcalde para que poia aprobar o que veña en gana.

--O Sr. Pose Rodríguez, do BNG-AA, pregunta:



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



1º.- No tema dos incendios acaba de levar unha sorpresa. Non sabía que tiña que participar nesas xuntanzas.

2º.- Reitera que non serve para moito traballar co grupo de goberno. Dille ao Sr. Alcalde que é un mentireiro cando fala do número de lexislaturas ás que se ía presentar á Alcaldía.

3º.- Solicita a través do grupo do PP, que consulten ao seu grupo no Parlamento cal é o motivo polo que se evitou en dúas ocasións, unha delas no Consello de Contas, a fiscalización dunha contratación de traballos no arquivo de Vedra.

Conclúe ao fío das vinte e dúas horas e corenta e cinco minutos.